



INFORME XURÍDICO

UNIDADE SOLICITANTE:	DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR
DATA DA SOLICITUDE:	27 de maio de 2015.
ASUNTO:	PROPOSTA DE PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA O MANTEMENTO DOS ASCENSORES E O ELEVADOR SALVAESCALEIRAS DO HEMICICLO DO PARLAMENTO DE GALICIA

Vista a proposta de prórroga da contratación administrativa de servizos para o mantemento dos ascensores e o elevador salvaescaleiras do hemiciclo do Parlamento de Galicia, efectuada pola Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior con data 27 de maio de 2015, e que se une ao presente informe.

Tendo en conta que tanto na cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas desa contratación, coma no contrato formalizado entre o Parlamento de Galicia e a empresa Schindler S.A. con data dous de xuño de dous mil catorce, está prevista a posibilidade de que o contrato poida ser prorrogado pola Mesa do Parlamento ata un máximo dun ano máis, infórmase que a referida proposta axústase á legalidade vixente, debendo constar no expediente as razóns de interese público que determinan a conveniencia e necesidade de efectuar tal prórroga.

Santiago de Compostela, de 27 de maio de 2015

A letrada

María Aneiros González

Proposta de prórroga do contrato administrativo de servizos para o mantemento dos ascensores e o elevador da tribuna do Hemiciclo

O 27 de abril de 2015 a empresa Schindler, S.L. presentou escrito no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia (núm. 36680) solicitando a prórroga do contrato do servizo para o mantemento dos ascensores e o elevador da tribuna do Hemiciclo do Pazo do Parlamento de Galicia asinado con data de 2 de xuño de 2014.

A cláusula quinta do contrato prevé que a súa vixencia poderá ser prorrogada mediante acordo das partes e antes do seu remate por outro ano máis.

Segundo manifesta o xefe do Servizo de Réxime Interior, a empresa está prestando o servizo con normalidade e propón prorrogar o contrato por un ano.

En consecuencia,

proponse á Mesa do Parlamento de Galicia a adopción do Acordo de prorrogar o contrato asinado con Schindler, S.L. para prestación do servizo para o mantemento dos ascensores e o elevador da tribuna do Hemiciclo do Pazo do Parlamento de Galicia ata o 1 de xuño de 2016.

Santiago de Compostela 27 de maio de 2015.

Vº e praxe
O Letrado Oficial Maior
Xosé Antón Sarmiento Méndez



Mesa do Parlamento de Galicia



Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior